



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUNHA TÉCNICO EN XESTIÓN CULTURAL CON CARGO A UNHA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN E APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

Por Resolución da Alcaldía núm. 467/2017 de data 10/05/2017 aprobáronse as bases para a formación dunha bolsa de emprego para a selección baixo a modalidade de contratación laboral temporal, por obra ou servizo determinado, a xornada completa, dun/ha técnico/a en xestión cultural do Concello de Vimianzo e declarouse a necesidade e urxencia de contratar a un/ha técnico/a de xestión cultural do Concello de Vimianzo.

Posteriormente por Resolución 600/2017, de data 08/06/2017 aprobose a modificación das bases, en concreto a base terceira, no que respecta aos requisitos específicos.

Realizado o proceso selectivo, consta acta do tribunal, de data 27/07/2017 no que, tras o análise das alegacións presentadas por Adriana Ramos Mouzo, conclúe:

"Analizado o escrito de alegacións, o tribunal acorda, por unanimidade dos seus membros presentes:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas pola Sra. Ramos Mouzo o 21/07/2017, polos seguintes motivos:

1º. As bases non prevén a existencia obrigatoria de preguntas de reserva na proba tipo test. Detectada unha pregunta na que as tres respostas eran erróneas, o tribunal acordou que todos os aspirantes presentados tiveran 0,1 puntos nesa pregunta, de xeito que ningún candidato resultara prexudicado pola ela.

2º. A segunda proba versaba sobre dous temas contidos no temario específico, sendo a puntuación total a indicada nas bases (5 puntos). En concreto, dun total de 20 temas da parte específica, catro temas (16, 17, 18 e 19) están referidos ás asociacións, ao ser un eido intimamente conectado coas funcións do posto de traballo.

Segundo.- Elevar a definitivas as puntuacións provisionais e, en consecuencia, proponse a creación dunha bolsa na orde de maior a menor puntuación, que coincide coa orde que figura na táboa.

		OPOSICION			CONCURSO			SUMA	TOTAL	
		TEST	PROGR	SUMA	1	2	3			
1	ANDRADE FRAGA, M ^a INÉS	79333993R	1,1	4	5,1	1	1	1	3	8,1
2	APARICIO GRANJA, M ^a ADELAIDA	44834310L								
3	ARIAS MELÓN, ISMAEL	36123708T								
4	BLANCO MAGARIÑOS, VERÓNICA	32817211Y								
5	CONDE BÓVEDA, VICENTE	44481146C								
6	HERRERO LIAÑO, SABELA	46898353L	1,7	2,5	4,2	1	1	1	3	7,2
7	RAMOS MOUZO, ADRIANA	46900432M	1,1	2	3,1					
8	REGUEIRA VARELA, MELINA M.	47385598D	1	2,5	3,5	1	0,72		1,72	5,22
9	SANJURJO RODRÍGUEZ, GEMA	53161930Y	1,3	0	1,3					

(*) Solo se valoran os méritos das persoas que superaron a fase de oposición (3,5 puntos en total)

”

Realizado chamamento a primeira persoa da lista definitiva de candidatos ao posto, consta escrito de data 17/08/2017 (RE 4975) presentado por D^a María Inés Andrade Fraga, no que renuncia a ser contratada neste momento e solicita seguir formando parte da bolsa de contratación.

Por este motivo, procedese a realizar chamamento a segunda persoa da antedita lista, presentando a Sra. Herrero Liaño escritos con RE O00006332e1702156593 (SIR) e RE 5030 no rexistro deste concello, a documentación requirida nas bases (cláusula 11^a) así como o informe médico favorable de data 18/08/2017 emitido en cumprimento do establecido na base novena das bases que rexeron o proceso de selección.

Consta concesión definitiva da subvención do programa FO206: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico en xestión cultural e/ou animación sociocultural, durante o ano 2017, publicada no BOP nº 149, do 08 de agosto de 2017.



Consta informe de fiscalización da Interventora accidental, de data 23/08/2017, en sentido favorable.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Dispoñer a contratación da seguinte persoa, como técnica en xestión cultural, cunha duración dende o día 25 de agosto de 2017 ao 30 de abril de 2018, en réxime laboral temporal, na modalidade de obra ou servizo de duración determinada, a xornada completa (40 horas semanais de luns a domingo cos descansos regulamentarios):

- D^a. Sabela Herrera Liaño, con DNI 46898353L.

- Os horarios de traballo e xornada laboral establécenos o Concello de Vimianzo. As retribucións do posto ascenden a 1.135,50 euros brutos mensuais (salario + pagas extras prorrateadas).

- Aos contratos deben engadirse as demais condicións establecidas con carácter preceptivo no ordenamento xurídico aplicable.

SEGUNDO.- Aprobar a listaxe de reserva prevista na base décima, e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, que está composta polas seguintes candidatas:

1. Herrero Liaño, Sabela, con DNI 46898353L (7,2 puntos)
2. Regueira Varela, Melina M., con DNI 47385598D (5,22 puntos)
3. Andrade Fraga, M.^a Inés , con DNI 79333993R (8,1 puntos)

TERCEIRO.- Comunicar esta Resolución ós servizos económicos municipais e asesoría "Luis Fernando S.L." de Vimianzo, para a súa alta na Seguridade Social e demais efectos oportunos.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ás interesadas.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde en Vimianzo, do que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria